

SEI A ONDE VOU!

Michael Powell, Emeric Pressburger, 1945

1548

ESTREA EN NUMAX: 11.07.2025 | V.O.S.E. | 90 min

Joan sempre soubo o que quería desde que era unha nena. Agora está a piques de casar cun millonario, pero as forzas da natureza parecen conspirar para que mude de idea.

O filme terá dúas proxeccións no ciclo 10/10. As espectadoras presentan no que, dentro da celebración do décimo aniversario da cooperativa, convidamos as dez usuarias máis habituais da sala a seleccionar e programar unha película. Neste caso a programadora das sesións é Amaia Lizanzu que nos comparte o seguinte texto de presentación:

“‘Sei a onde vou!’ creo que é unha película que pega moi ben para celebrar o aniversario de NUMAX. Como todas as películas de Powell e Pressburger, é unha película libre, romántica, aberta, que celebra a autenticidade contra o materialismo e a rixidez das convencións sociais. A protagonista, como nunha película de aventuras, ten que pasar unha serie de probas, que no fondo levan a coñecerse a si mesma. Debe cambiar desde a súa seguridade inicial ata darse conta que realmente non sabe onde vai, e todo sempre con sentido do humor, con sutileza e sen moralizar. Parte moi importante é a localización, situada na paisaxe espectacular das Illas Hébridas, ao norte de Escocia, onde a natureza, o vento, e tamén o baile, a música, as supersticións, o folclore e o pasado están moi presentes. Foi rodada en 1945, durante un momento moi difícil para Inglaterra, e Pressburger escribiu que quería facer unha película que fose parte dunha “cruzada contra o materialismo” durante a guerra. Nótase e, ademais, hai algo máxico nela, como un feitizo no que caemos ao mesmo tempo que a protagonista.”



Unha beleza diferente

Ás veces danse unións profesionais únicas. Isto ocorreu no cinema británico, en tempo de guerra, cando dous homes uniron os seus destinos laborais e xurdiu un mundo alén da pantalla. Un mundo de lugares escarpados, un mundo estraño, case onírico, ou ás veces dificilmente explicable a través da razón..., un mundo onde as fronteiras do tempo e o espazo son outras, onde a xente funciona doutra maneira xa sexa a través do drama, a aventura, a comedia ou o musical. Un mundo marabilloso de efectos especiais increíbles, dunha fotografía e ambientación sorprendentes. Este mundo especial foi creado por Michael Powell e Emeric Pressburger que non só eran produtores senón tamén directores, guionistas... Penetrar nas súas películas é toda unha sorpresa. O seu selo é un argumento cun toque distinto e orixinal.

Na comedia dramática *Sei a onde vou!* non falta este toque orixinal de Powell e Pressburger tanto na formulación argumental como no seu aspecto visual. Xa desde os créditos estamos enganchados, viaxando xunto a protagonista, Joan Webster, ás Highlands escocesas. A muller ten claro o que quere, desde que era un bebé. É unha heroína pragmática, realista e independente que culmina o seu camiño aos 25 anos cando vai casar cun gran magnate que vive nunha afastada e supoñemos que paradisiaca illa escocesa.

Cando chega a Port Erraig para coller o barco que a leve ao seu destino, Kirolan, sufrirá un contratempo alleo ás súas ganas de finalizar o camiño trazado. A inclemencia do tempo, as forzas da natureza non posibilitan a chegada á illa. A partir deste intre nosa protagonista atópase cun mundo novo que nada ten que ver co seu realismo e pragmatismo... e atópase atrapada nunha terra chea de belas lendas, rechamantes costumes, natureza salvaxe, e xentes que atopan outros motivos para vivir, non só o diñeiro.

A nosa protagonista goza coas celebracións, as lendas, os costumes, o gaélico... e coa salvaxe natureza. Joan, como os espectadores, vaise abandonando a un mundo estraño pero atractivo. Un mundo que non pode dominar, afastado do pragmático e realista. A fría, aínda que divertida, Joan ve como os seus plans van caendo un a un, a orde da súa vida esfarélase, os ventos e as fortes choivas impiden o seu destino e móstranlle outra realidade posible.

Powell e Pressburger logran así plasmar nun fermosísimo branco e negro o encanto dunha natureza salvaxe e enchóupannos da increíble paisaxe das Highlands. O balbordo da natureza e do clima é similar ao que vive a protagonista no seu interior. Déixannos albiscar a néboa, as montañas, os ventos, o mar embravecido... E tamén nos empapan de momentos íntimos: os protagonistas observando desde unha escaleira unha celebración, Joan no seu cuarto... Ou instantes costumistas (o baile, a viaxe no autobús, a comunicación coa illa por radio) envoltos cunha música popular escocesa onde a melodía das gaitas se converte nalgo máxico.

Sei a onde vou! é unha recomendable viaxe ao estraño. Powell e Pressburger son unha garantía perfecta para asegurarnos un camiño repleto de sorpresas e, sobre todo, dunha beleza diferente.